

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 16 DE FEBREIRO DE 2015**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 16 de febreiro de 2015.

HORA DE COMEZO: 20:10 h.

HORA DE REMATE: 20:40 h.

**ASISTENTES:**

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco, D<sup>a</sup> Dolores Gallego Santos, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Lucía Lede Fernández.

AUSENTES: D<sup>a</sup> Berta Pérez Hernández, D. José Luis Gestido Porto,

SUPLENTE: D. Jesús Manuel Graña Graña e D. Francisco Javier Soliño Soliño.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e a interventora, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

**ORDE DO DÍA**

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 2 DE FEBREIRO DE 2015**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou deixar sobre a mesa, pendente de mellor estudo, o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 2 de febreiro de 2015.

**URBANISMO E VIVENDA**

**2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 12 DE FEBREIRO DE 2015, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

**2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:**

**2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.-** Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advérteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberá selle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

\* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 21.206.- A Agustín Fernández García, outorgaselle unha nova licenza para remate das obras sa realizar en Rúa Derribo 74 - Cangas que supón que as superficies contruídas finais sexan 64,78 m<sup>2</sup> de planta baixa, 4,18 de porche e 48,50 de aproveitamento baixo cuberta, de conformidade co proxecto do Arquitecto José Luis Domínguez González, visado con data 4 de novembro de 2014.

#### 2.A.2) LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

Incidencias: no tratamento deste expediente ausentouse do salón de sesións o concelleiro, Sr. Soliño Costas.

EXPEDIENTE Nº 24.902. - LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR ANCORADOURO S.L.

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo Arquitecto Municipal, con data 3 de febreiro de 2015, acordou: a) outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION, a ANCORADOURO S.L., para vivenda, sita en Camiño de Cimadevila - Darbo - parcela D, construída ó abeiro da licenza municipal Nº 23.779.

b) Asimesmo aprobase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

#### 2.A.3) PARCELACIÓNS URBANÍSTICAS DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

#### 2.A.4) ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE N2 20.521.- O tramitado a instancia de PROCOMPOS S.L., para reparacións interiores en Paseo Marítimo de Rodeira - Cangas, acordase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, de 26 de novembro, o transcurrir mais de tres meses dende o requerimento de presentación de documentación de data 29 de outubro de 2004.

EXPEDIENTE N2 20.906.- O tramitado a instancia de Carmen Lagoa Fandiño, para parede de cerco en Avda. Moaña 26 - Cangas, acordase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, de 26 de novembro, o transcurrir mais de tres meses dende o requerimento de presentación de documentación de data 24 de outubro de 2005.

EXPEDIENTE N2 21.520.- O tramitado a instancia de Francisco Javier Alvarez Rodríguez, para muro de contención en Castelo 15 - Darbo, acordase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, de 26 de novembro, o transcurrir mais de tres meses dende o requerimento de presentación de documentación de data 1 de agosto de 2006.

EXPEDIENTE N2 23.095.- O tramitado a instancia de Eugenio Villar González, para racondicionamento de acceso a parcela en camiño Nacedouro - Darbo, acordase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, de 26 de novembro, o transcurrir mais de tres meses dende o requerimento de presentación de documentación de data 12 de novembro de 2009.

EXPEDIENTE N2 24.162.- O tramitado a instancia de COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO CASABLANCA PORTAL DEREIRO E PORTAL ESQUERDO, para reparacións de terraza en edificación existente en Avda.de Bueu 12 - Cangas, acordase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, de 26 de novembro, o transcurrir mais de tres meses dende o requerimento de presentación de documentación de data 7 de xuño de 2012.

EXPEDIENTE N2 24.229.- O tramitado a instancia de Antón Fernandez Fernandez, para reparacións interiores en edificación existente en Singulis 12 - Cangas, acordase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, de 26 de novembro, o transcurrir mais de tres meses dende o requerimento de presentación de documentación de data 25 de xuño de 2012.

EXPEDIENTE N2 s/n.- O tramitado a instancia de TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.U., para instalación de liña telefónica en edificio 8 9 de Avda. Ourense - Cangas, acordase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, de 26 de novembro, o transcurrir mais de tres meses dende o requerimento de presentación de documentación de data 13 de setembro de 2010.

## 2.A.5) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

EXPEDIENTE Nº 23.958.- O tramitado a instancia de MARITIMO RODEIRA S.L. para cambio de titución de horreo en Magdalena - Darbo, foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

## 2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparellador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinala a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 24.854.- A PURICAR C.B., colocación de unha estrutura desmontable en terraza existente en Ourelo - Darbo, de conformidade coa documentación presentada e condicións impostas pola Deputación Provincial en autorización de 20 de xaneiro de 2014.

Esta autorización é simplemente urbanística, non supoñendo un incremento do espacio do local adicado a bar, polo que se se quere exercer a activiadae neste lugar debe ampliarse o proxecto de actividade do local.

### **3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES**

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

#### OBRAS

EXPEDIENTE N° 25.305.- José Ramón Otero Gutierrez, legalización cerco parcial e caseta para galiñeiros en Os Laguiños 11 - Vilanova - Hio.

EXPEDIENTE N °25.326.- Alberto Casqueiro Iglesias, reforma de baixo cuberta para trasteiro en Buenos Aires 6 - Cangas.

EXPEDIENTE N °25.347.- Edelmiro Vidal Sotelo, substitución de columna e rampa en Rosada - Coiro.

EXPEDIENTE N° 25.361.- Maria Lourdes Martinez Cal, acondicionamento interior local en Estrela 4 - Cangas.

### **4º .- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA**

#### 4.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA N° 25/2006

Dase conta de proposta do instrutor do día 9.2.15, referente ao expediente de infracción urbanística nº 25/2006, que é como segue:

*"EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA N° 25/2006*

*PROPOSTA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE ARQUIVO DO EXPEDIENTE SANCIONADOR POR CADUCIDADE*

*Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado ao respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar da Avda. Méndez Núñez, nº 19-Cangas consistentes en: realizar unha bufarda en ático incrementando a 10,00 m2., a superficie útil deste e sobreático en 40,00 m2.*

*O día 3 de agosto do 2006, por resolución da Alcaldía iníciase procedemento sancionador polos feitos mencionados dos que presuntamente é responsable Manuel Sotelo Pastoriza.*

*Considerando que o artigo 223 da Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia dispón, que o prazo para resolver o procedemento sancionador será de un ano, contado desde a data da súa iniciación. Transcorrido o prazo máximo para resolver sen que se ditase resolución producirase a caducidade do procedemento.*

*Considerando que transcorreu o prazo de prescrición de seis anos, sinalados no artigo 218 da Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.*

*Visto o Decreto da Alcaldía do día 16 de xuño de 2011, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Declarar a caducidade do expediente sancionador N° 25/2006 incoado a Manuel Sotelo Pastoriza en concepto de promotor, procedendo ao arquivo deste.*

*SEGUNDO.- Notifíquese o acordo aos interesados."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 25/2006.

#### 4.B) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 36/2012

Dase conta de proposta do instrutor do día 9.2.15, referente ao expediente de infracción urbanística nº 36/2012, que é como segue:

*"EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 36/2012*

#### *PROPOSTA DE SANCIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local do día 17 de febreiro de 2014, resulta que:*

*PRIMEIRO.- Por parte de Miguel Villanueva Loveira e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de San Roque-Darbo, obras consistentes en realizar a cubrición dun espazo de soto arrimado a lindeiro a modo de terraza, e sobre o que se realizou un porche a menos de 3,00 m. do lindeiro sendo a construción de carácter ilegalizable.*

*SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado o día 27 de xaneiro de 2015 presenta escrito de alegacións manifestando que lle foi outorgada licenza nº 23937 para legalizar as referidas obras e solicita se aplique a sanción conforme coa legalización destas.*

*TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave, segundo o determina o artigo 217.3. da mesma norma citada.*

*CUARTO.- Que Miguel Villanueva Loveira, na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.*

*QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/02, e 55 do Regulamento de Disciplina Urbanística a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficientemente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía 6001 euros.*

*SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do R.d. 1398/93, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora, cabe prescindir do trámite de audiencia sinalado no apartado 1 do artigo citado.*

*Visto o Decreto da Alcaldía do día 16 de xuño de 2011, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*\* Impoñer a Miguel Villanueva Loveira, na súa calidade de promotor, unha multa sancionadora de MIL DOUSCENTOS EUROS (1 200,00 €) (unha vez deducido o 80 por cento por legalizar as obras antes da resolución do presente acordo), por infracción ao ter cometido obras no lugar de San Roque-Darbo, consistentes en realizar a cubrición dun espazo de soto arrimado a lindeiro a modo de terraza, e sobre o que se realizou un porche a menos de 3,00 m do lindeiro.*

*De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, do 30 de decembro, advírtese ao interesado que a presente multa reducirase na súa contía nun 30 por cento se é pagada no prazo de quince días, a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente



a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 36/2012.

## **5º.- PROPOSTA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE LICITACIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO DO PARQUE INFANTIL DA CHOUPANA**

PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRA "PARQUE INFANTIL CHOUPANA-DARBO" E INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

Visto o proxecto de obra "PARQUE INFANTIL CHOUPANA-DARBO" redactado polo arquitecto municipal, e cuxo importe ascende á cantidade de 114.309,99 € (IVE incluído).

Visto que no vixente orzamento de gastos aprobado para o exercicio 2015 consta na aplicación orzamentaria 171-609 consignación suficiente para a execución do dito proxecto.

Por todo o que antecede, no uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de obra "PARQUE INFANTIL CHOUPANA-DARBO" cuxo importe ascende á cantidade total de 114.309,99 euros (IVE incluído).

SEGUNDO.- Iniciar o procedemento de contratación para a execución do proxecto aprobado.

TERCEIRO.- Que se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

CUARTO.- Que Secretaría emita informe sobre a lexislación e procedemento aplicables.

QUINTO.- Que por Intervención se emita info/me sobre a existencia de crédito suficiente e axeitado para financiar o gasto que supón a celebración deste contrato e sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Secretaría e Intervención.

## **6º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA "REPARACIÓN DA PAVIMENTACIÓN DA ROTA DONÓN-CANGAS"**

RESOLUCIÓN

Examinado o informe de data do 22 de decembro de 2014, emitido por Da Ma Isabel Medraño Fariña, coordinadora de seguridade e saúde da obra REPARACIÓN DA PAVIMENTACIÓN DA ROTA DONÓN-CANGAS, referente ó plan de seguridade e saúde da mencionada obra e con base ñas atribucións que teño conferidas, esta Alcaldía, RESOLVE:

Primeiro.- Considerando que se dan as causas que se recollen no artigo 14 da Lei 30/92, avocar de forma excepcional a competencia delegada na miña persoa para únicamente a aprobación deste plan de seguridade:

Segundo.- Aprobar íntegramente o informe do plan de seguridade e saúde da obra de REPARACIÓN DA PAVIMENTACIÓN DA ROTA DONÓN- CANGAS emitido pola coordinadora de seguridade e saúde que se transcribe literalmente:

"INFORME DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE

Obra: Reparación da pavimentación da rota Donón-Cangas.

Adjudicatario: Extraco S.A.

Asunto: Informe Plan de Seguridade e Saúde.

Dna. M<sup>a</sup> Isabel Medraño Fariña, como coordinadora de Seguridade e Saúde durante a execución das obras do epígrafe.

INFORMA:

1) A Empresa EXTRACO, S.A.. adxudicataria das obras do epígrafe, presenta o Plan de Seguridade e Saúde, en cumprimento do establecido no artigo 7 do R.d 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde ñas obras de construción (B.O.E. 25-10-1997).

2) O mencionado Plan axustase ó estipulado na lixislación vixente, e polo tanto o técnico que subscribe, o informa favorablemente e propon a súa aprobación.

## **EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO**

**7º.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA S/CONCESIÓN DE AXUDAS AO CONCELLO DE CANGAS PARA CONTRATACIÓN LABORAL CORRESPONDENTE AO PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS-2015**

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 6 de febreiro de 2015, adoptou entre outros, o seguinte acordo:

#### 8.23031.- CONCESIÓN DAS AXUDAS DO PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2015

Coa finalidade de asegurar a prestación integral e axeitada na totalidade do territorio provincial dos servizos de titularidade municipal, as axudas que se conceden o abeiro deste programa destinaranse a financiar a contratación laboral a tempo parcial en xornada ordinaria de 25 horas semanais, durante seis meses, de persoas desempregadas non perceptoras de ingresos ou perceptoras de prestacións sociais destinadas a garantir os recursos mínimos de subsistencia (RISGA, RAE e PREPARA), calquera que sexa a categoría profesional, e que reúnan os requisitos establecidos no artigo 11 das Bases. O número de traballadores por concello determinase en función da súa poboación segundo a última publicación do INE.

A selección será efectuada por cada concello, en formulario normalizado, a través do Servizo Público de Emprego facendo referencia ós requisitos e características que deben reunir os traballadores que contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes ós postos de traballo ofertados.

O custo salarial máximo subvencionable por traballador ascende a 4.181,88 euros, podendo os Concellos, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional

Na aplicación orzamentaria 15/942.9420.462.03 do vixente Orzamento Provincial existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

O órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno, segundo a Base 16.2 das aprobadas para a execución do vixente Orzamento Provincial.

Á vista do informe-proposta da xefa do Servizo de Cooperación, do informe emitido pola Comisión de Valoración, do informe de fiscalización da Intervención Provincial, dos expedientes de subvención e da documentación relacionada co expediente que debe remitir o Concello, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Concederlles a cada un dos concellos relacionados as axudas e subvencións para a contratación laboral dos traballadores solicitados da maneira que se detalla na seguinte táboa e con cargo á aplicación orzamentaria 15/942.9420.462.03 do vixente

A Deputación de Pontevedra, consciente das dificultades que teñen os pequenos concellos para prestar determinados servizos ou executar obras esenciais para a comunidade por mor da complicada situación económica e os recortes orzamentarios, puxo en marcha un programa de axudas, denominado "Plan de conservación e funcionamento de bens e servizos municipais 2015", cuxas Bases Reguladoras foron publicadas no BOPPO núm. 1, do 2 de xaneiro de 2015, tendo en conta que no BOPPO núm. 3, do 7 de xaneiro publícase unha corrección de erros.

### **8º.- PROPOSTA DA CONCELEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/SOLICITUDES DE AUTORIZACIÓN DE VARIOS POSTOS DE VENDA AMBULANTE DO ANO 2014**

Dáse conta de proposta do día 11.2.15 da concelleira de emprego, industria, comercio, consumo e turismo, referente a solicitudes de autorización de varios postos de venda ambulante do ano 2014, que é como segue:

*"PROPOSTA DA CONCELEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA Á SOLICITUDES DE AUTORIZACIÓN DE VARIOS POSTOS DE VENDA AMBULANTE DO ANO 2014*

#### *ANTECEDENTES:*

*Os seguintes interesados/as, por medio de escritos presentados no rexistro xeral deste concello, solicitan a autorización para a colocación dun posto de venda ambulante no mercado de Cangas:*

<b><i>INTERESADO/A</i></b>	<b><i>DATA SOLICITUDE</i></b>	<b><i>Nº ENTRADA</i></b>	<b><i>Nº EXPEDIENTE</i></b>
----------------------------	-------------------------------	--------------------------	-----------------------------

<i>Sebastián Martínez del Castillo</i>	<i>28/07/2014</i>	<i>8.945</i>	<i>ME 14/005</i>
<i>Eva Baqueiro Gil</i>	<i>18/08/2014</i>	<i>9.771</i>	<i>ME 14/006</i>
<i>Manuela Paz Mejjueiro</i>	<i>21/08/2014</i>	<i>9.940</i>	<i>ME 14/007</i>
<i>Mari Cruz Domínguez Campelo</i>	<i>09/09/2014</i>	<i>10.531</i>	<i>ME 14/008</i>
<i>María José Otero Román</i>	<i>11/09/2014</i>	<i>10.625</i>	<i>ME 14/009</i>
<i>Isolina Lafuente Vidal</i>	<i>16/09/2014</i>	<i>10.736</i>	<i>ME 14/010</i>
<i>David Covelo Carrera</i>	<i>23/09/2014</i>	<i>11.030</i>	<i>ME 14/027</i>
<i>Rita Li Vidal Aboal</i>	<i>26/09/2014</i>	<i>11.170</i>	<i>ME 14/011</i>
<i>Yulai de la Cruz Hernández</i>	<i>26/09/2014</i>	<i>11.175</i>	<i>ME 14/012</i>
<i>María Ximena Cáceres Maldonado</i>	<i>07/10/2014</i>	<i>11.530</i>	<i>ME 14/013</i>
<i>José Ramón Temes Calliño</i>	<i>10/10/2014</i>	<i>11.733</i>	<i>ME 14/014</i>
<i>Zara Duval Borja</i>	<i>24/10/2014</i>	<i>12.350</i>	<i>ME 14/015</i>
<i>Teresa Escudero Jiménez</i>	<i>24/10/2014</i>	<i>12.340</i>	<i>ME 14/016</i>
<i>María Susana Villar Carrera</i>	<i>11/11/2014</i>	<i>13.038</i>	<i>ME 14/017</i>
<i>Josefa Alonso Cortiñas</i>	<i>17/11/2014</i>	<i>13.290</i>	<i>ME 14/018</i>
<i>Montserrat García Pérez</i>	<i>18/11/2014</i>	<i>13.348</i>	<i>ME 14/019</i>
<i>Amdy Moustapha Faye</i>	<i>18/11/2014</i>	<i>13.375</i>	<i>ME 14/020</i>
<i>Felipe Mejias Ramos</i>	<i>26/11/2014</i>	<i>13.681</i>	<i>ME 14/021</i>
<i>Raquel Calvar López</i>	<i>16/12/2014</i>	<i>14.484</i>	<i>ME 14/022</i>
<i>Juan Carlos Fernández Rodríguez</i>	<i>22/12/2014</i>	<i>14.745</i>	<i>ME 14/023</i>
<i>Ibra Couta Naiaye</i>	<i>22/12/2014</i>	<i>14.707</i>	<i>ME 14/024</i>
<i>Modou Niass</i>	<i>22/12/2014</i>	<i>14.708</i>	<i>ME 14/025</i>
<i>María de los Ángeles Pazó Rodríguez</i>	<i>22/12/2014</i>	<i>14.770</i>	<i>ME 14/026</i>

## *CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS*

*I.- Ante as numerosas solicitudes deste tipo presentadas nos últimos meses, cómpre recordar que, como sinala o artigo 14 da Ordenanza reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (B.O.P. nº 67, do 8 de abril de 2013), o número de autorizacións que se poidan conceder para o exercicio da venda ambulante quedará supeditado ao número de metros dispoñibles nos espazos dedicados para tal actividade.*

*Considerando a ordenanza, e tendo en conta a falta de espazo dispoñible a día de hoxe no recinto destinado ao mercado ambulante, conclúese que non é posible acceder ao solicitado polos referidos interesados.*

*II.- O órgano competente para o outorgamento das autorizacións para o exercicio a venda ambulante é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 15.1 da ordenanza.*

*Á vista do anteriormente exposto, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Desestimar as solicitudes de autorización para un posto no mercado ambulante de Cangas, de acordo coas consideracións efectuadas na presente resolución.*

*Segundo.- Notificar este acordo aos interesados, con indicación dos recursos procedentes e dar traslado deste aos departamentos municipais de Axencia de*

*Desenvolvemento Local e Concellería de emprego, industria, comercio, consumo e turismo."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de emprego, industria, comercio, consumo e turismo, referente a solicitudes de autorización de varios postos de venda ambulante do ano 2014.

## **MEDIO AMBIENTE, PRAIAS, MAR E MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO**

### **9º.- DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO DO SERVIZO PROVINCIAL DE COSTAS DE PONTEVEDRA S/CRITERIOS A TER EN CONTA NA ELABORACIÓN E EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA PARA OCUPACIÓN TEMPORAL DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE**

DOCUMENTACIÓN SOBRE CRITERIOS A TENER EN CUENTA EN LA ELABORACIÓN Y EXPLOTACIÓN DE LOS SERVICIOS DE TEMPORADA, ANUNCIO DE INFORMACIÓN PÚBLICA Y SOLICITUD DE INFORME SOBRE LAS SOLICITUDES DE OCUPACIONES TEMPORALES DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE CONFORME AL ART0.152.6 DEL REGLAMENTO.

Con nuestro oficio número 92/2228, del pasado 28 de noviembre, y con el título relativo al avance de los aspectos más destacados de la tramitación de servicios de temporada con motivo de la nueva normativa, introducidos por la Ley 2/2013 y Real Decreto 876/2014, referidos fundamentalmente a la modificación de catalogación de los tramos de playas en urbanos y naturales, en lugar de los 4 tipos existentes que recoge el P.O.L de la Xunta de Galicia, les comunicábamos los cambios más destacados en la tramitación de los servicios de temporada en playas.

Dado que la Administración Autonómica, competente para esa modificación apuntada, y por razones técnicas, no ha podido acometer ese trabajo en un plazo suficiente para que se pueda aplicar en esta temporada de 2015, procede que por parte de este Servicio y, con carácter transitorio, se utilicen - básicamente- los criterios y la catalogación de playas actualmente vigentes y regulados en el Decreto 20/2011, de 10 de febrero.

Por lo expuesto, para su conocimiento y efectos consiguientes, se remite la circular con los criterios fundamentales a tener en cuenta para la elaboración y explotación de los planes de ocupación con servicios de temporada para el presente año, teniendo en cuenta las circunstancias concurrentes.

Asimismo, se acompañan las condiciones generales y el anuncio de información pública para su exposición en el tablón de anuncios de ese Ayuntamiento, de los que se deberá

remitir a este Servicio la oportuna certificación acreditativa de su exposición pública realizada hasta la fecha indicada en el mismo.

Se ruega encarecidamente, tanto la lectura íntegra de la documentación remitida, como el estricto cumplimiento de los plazos establecidos y de las normas contenidas, así como una adecuada elección de los servicios que pretendan instalarse.

En este Servicio Provincial estamos a su disposición para cualquier aclaración ulterior, así como para la interpretación de los criterios establecidos para una correcta aplicación en las tramitaciones referidas.

## **PERSOAL E PARTICIPACIÓN VECIÑAL**

### **10º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR S/APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DO PROCESO SELECTIVO DESTINADO Á COBERTURA DE 5 PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA POR UN PERÍODO DE 4 MESES**

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR PARA A APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DO PROCESO SELECTIVO DESTINADO Á COBERTURA DE CINCO PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA POR UN PERÍODO DE CATRO MESES.

O aumento de poboación no Concello de Cangas, derivado da intensa afluencia de visitantes ao noso municipio nos meses de xuño a setembro pero existindo tamén un considerable aumento durante a celebración da Semana Santa por mor de ter sido declarada festa de interese turístico galego, motiva un aumento notorio en materia de tráfico e seguridade que implican a necesidade de acometer a contratación de auxiliares de policía local como xustifica a Concelleira de Tráfico e Seguridade na súa solicitude de data 27/01/2015 pola que se solicita da Concellería de Persoal que inicie os trámites do proceso de de 5 auxiliares de policía de cara a tempada de verán. A solicitude citada ven acompañada de informes que xustifican a concorrencia das circunstancias que motivan a necesidade de acometer esas contratacións. A concelleira de Tráfico e seguridade igualmente apunta a necesidade de que o proceso que indica se inicie canto antes a fin de posibilitar que polo menos algúns dos aspirantes seleccionados poidan estar en condicións de ser contratados de cara á Semana Santa.

A contratación que se propón é un caso excepcional, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables e nun eido esencial cal é o da seguridade pública, contido no artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local. Seguridade que se vería comprometida polo sensible aumento de poboación que se dá neste Concello durante os meses de verán. Trátase dun suposto excepcional dado que Cangas conta cun plantel de efectivos na policía local moi inferior ao disposto no cadro de persoal.

Existe dotación orzamentaria e foi practicada a correspondente retención de crédito de data 09/02/2015 que consta no expediente.

En cumprimento do disposto no artigo 95.2 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, deuse conta á Consellería competente en materia de seguridade da Xunta de Galicia do inicio do expediente para a selección obxecto da presente proposta, que se acompañou do borrador das bases que foron informadas o 09/02/2015, dando lugar a modificación do citado borrador no senso que se reflicte nas bases que se someten a aprobación de xeito que a superación do curso teórico-práctico establecido no artigo 48 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro non se inclúe como requisito para ser admitido ao proceso selectivo.

Visto o que antecede e sendo a Xunta de Goberno Local a competente para aproba-las bases e a convocatoria das prazas indicadas con base na delegación realizada pola Alcaldía de data 16/06/2011, elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PRIMEIRO.- Aproba las bases de selección para a contratación de cinco auxiliares de policía local con previsión de listado para a cobertura doutras contratacións que fosen precisas durante o presente ano 2015, bases que se transcriben a continuación da presente proposta de acordo.

SEGUNDO.-Convocar as prazas mencionadas e ordenar que se sigan tódolos trámites ata que se proceda a súa contratación de acordo co disposto nas bases.

TERCEIRO.- Que se proceda á publicación das bases de acordo co disposto nestas.

Cangas, 12 de febreiro de 2015

A Concelleiro de Persoal e Réxime Interior  
Asdo. Lucía Lede Fernández

#### PROPOSTA DE BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE AUXILIARES DE POLICÍA PARA O CONCELLO DE CANGAS PARA 2015

##### 1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de cinco auxiliares da policía local, en réxime de contrato laboral temporal por acumulación de tarefas en base ás necesidades que se xustifican no presente expediente. A duración dos contratos será de catro meses dende a data da sinatura do contrato, cunha remuneración total bruta de 1.193,96 euros ao mes, coa parte proporcional das pagas extras incluída.



Do mesmo xeito cos aspirantes que tendo superado as probas polas puntuacións obtidas non resultasen contratados confeccionarase un listado para as sucesivas contratacións de auxiliares de policía local que se puideran realizar durante o presente exercicio.

2. SISTEMA SELECTIVO. O sistema selectivo escollido é o de oposición libre.

3. REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES. Para tomar parte na selección será preciso cumprir os requisitos seguintes na data de remate do prazo concedido para a presentación de instancias:

a) Ter nacionalidade española ou dun estado membro da Unión Europea, nos termos previstos no art. 57 da lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. Así mesmo poderán participar, en igualdade de condicións que os españois os estranxeiros con residencia legal en España.

b) Ter cumprido dezaeito anos.

c) Presentación dun certificado médico no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifican para a fase de oposición nas presentes bases, e que non se padece enfermidade, nin se está afectado/a por limitación física ou psíquica que impida ou sexa incompatible co desenvolvemento das funcións do posto de traballo. O anterior non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicte no certificado médico.

d) Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial. Será aplicable, non obstante o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.

e) Estar en posesión da titulación esixible para os funcionarios do grupo C2.

f) Posuír unha estatura de mínima de 1,65 m os homes e 1,60 m as mulleres.

g) Ter ingresado na Tesourería do Concello de Cangas a cantidade fixada como dereitos de exame.

Tódolos requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os/as aspirantes o día que remate o prazo para presenta-las solicitudes.

4. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As presentes bases expoñeranse ao público no taboleiro da anuncios do concello durante o prazo sinalado para a presentación de instancias, que se contará a partir do

día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro do Concello e nun diario dos de maior tirada de Galicia, co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxestións.

De presentarse reclamacións as bases –que non suspenderán o prazo para a remisión de instancias para participar no proceso selectivo a selección demorarase ata a resolución destas. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas, abrirase un novo período de presentación de instancias, de conformidade coas bases modificadas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso ningún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin ó procedemento.

O taboleiro de anuncios da casa do concello, será igualmente, o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

As solicitudes poderán presentarse en instancia que se facilitará polo concello durante o prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no diario e taboleiro do Concello. A presentación de solicitudes poderá facerse ben no rexistro xeral do concello, ben en calquera das formas establecidas no art. 38.4 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; as solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. Caso de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do concello o/a aspirante deberá dirixir por fax, ó 986304850 unha copia da instancia con anterioridade ó remate do prazo na que figure a data de presentación no rexistro correspondente, ós efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/as.

A solicitude, que se realizará, no modelo facilitado polo concello, deberá achegarse coa seguinte documentación:

Fotocopia compulsada do DNI non caducado.

Documento acreditativo da titulación requirida na convocatoria.

Xustificante de pago dos dereitos de exame, que ascende a cantidade de 8,52 €. Este pago deberá facerse previa obtención da correspondente folla de liquidación na Tesourería do Concello.

Certificado médico nos termos sinalados.

Finalizado o prazo fixado para presentar as solicitudes, ditárase resolución pola Alcaldía, declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos, con especificación, no seu caso,

dos motivos de exclusión, que se publicará no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web do Concello, e sinalarase un prazo de tres días hábiles para a subsanación. No suposto de producirse reclamacións ditarase nova resolución estimándoas ou desestimándoas, o que fará público, igualmente, no taboleiro de anuncios no prazo de dous días hábiles a contar desde o seguinte ó do remate do prazo de emenda.

A resolución na que se aprobe o listado provisional de admitidos e excluídos incluirá ademais a data e lugar de realización do primeiro exercicio, sendo os sucesivos sinalados polo tribunal observando as disposicións ao respecto contidas na normativa de aplicación, en particular no decreto 243/2008, do 16 de outubro, de desenvolvemento da Lei 4/2007. Igualmente incluirá a composición do tribunal a efectos de posibilita-la recusación dos seus membros, o que se realizará no mesmo prazo de subsanación.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado, os cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes superen a proba selectiva.

## 5. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Os/as membros do tribunal serán designados/as pola Alcaldía de acordo con normativa de aplicación, en especial no disposto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público. O tribunal que vulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros. Podendo constituírse coa asistencia de tres dos seus membros titulares ou suplentes.

De conformidade co disposto no artigo 4. e) do Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, os/as vocais deberán posuír unha titulación ou especialización igual ou superior ás esixidas para acceder ás prazas convocadas e terán voz e voto.

Os/as membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, así como, cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/92.

O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe o presidente, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros do

tribunal, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva do tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A partir da sesión de constitución cada tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ó disposto na Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

## 6. OPOSICIÓN. PROBAS SELECTIVAS

Consistirá na realización dos seguintes exercicios de acordo co disposto no artigo 47 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro e no anexo VII da Orde de 28 de xaneiro de 2009 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza na materia, as probas a realizar na fase de oposición (apartado A) e o temario sobre o que versarán (apartado B) son as que se describen a continuación:

### A) PROBAS SELECTIVAS

#### A.1.- Comprobación da estatura e probas de aptitude física.

##### Comprobación da estatura

Ao comezo realizarase o control da estatura dos/as aspirantes. Os mínimos son os que rexen para o ingreso nos corpos de policía local: 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

##### Probas físicas

As probas físicas cualificaranse de apto/ non apto. Para obter a cualificación de apto/non apto. Para acadar a cualificación de apto os aspirantes deberán acadar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se establecen para cada proba.

#### A.1.1. Potencia tren inferior: salto vertical

Realizarase nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.

O aspirante colocarase en posición de partida, en pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara a arriba e sen levantar os talóns do chan, e marcará cos dedos a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarase, separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente cos dedos o nivel alcanzado.

Para a correcta realización da proba deberanse observar as seguintes regras:

- Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar.
- Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo.
- Permítense dous intentos, só aos aspirantes que fagan nulo no primeiro.

A distancia entre a marca feita dende a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade.

	18-36 anos	37- 48 anos	49 anos ou máis
Homes	41 cm	33 cm	29 cm
Mulleres	32 cm	28 cm	25 cm

A.1.2. Resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase en pé.

Só se permite un intento.

O/a aspirante que abandone a carreira quedará excluído.

A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros no tempo máximo (en minutos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo e grupo de idade:

	18-36 anos	37-45 anos	46 anos ou máis
Homes	4'30"	5'00"	5'15"
Mulleres	5'00"	5'30"	5'45"

2. Proba de coñecementos.

A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario que se inclúe no Anexo.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula:  $N = (A - F/3)/5$

Sendo N=Nota final da proba; A= Preguntas acertadas; F= Preguntas falladas ou non respostadas.

### 3. Proba específica sobre coñecemento do termo municipal e da toponimia local.

O órgano de selección someterá aos/ás aspirantes a unha proba para determinar o seu nivel de coñecemento sobre as características propias do concello e a toponimia local consistente en responder a dez preguntas curtas ao respecto nun tempo máximo de quince minutos. Cualificarase de cero a tres puntos, sendo necesario acadar como mínimo unha puntuación de un con cinco puntos para superala.

### 4. Coñecemento da lingua galega.

O tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega dos/as aspirantes, mediante unha proba que se cualificará como apto/non apto. Este exercicio consistirá na tradución castelán-galego e galego-castelán dun texto proposto polo tribunal de non menos de cinco liñas.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que acrediten estar en posesión do Certificado en Lingua Galega – nivel 3 (CELGA 3), ou a súa validación, ou a certificación do curso de Lingua Galega de Iniciación. (Terá que ser presentado acompañando a solicitude de participación no proceso selectivo)

## B.TEMARIO

1. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O pleno. O alcalde. A xunta de goberno local. Outros órganos municipais.

2. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.

3. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.

4. Lei de Coordinación das Policía Local de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: Disposicións xerais e faltas disciplinarias.

5. A actividade da Policía Local como policía administrativa I: Consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.

6. A actividade da Policía Local como policía administrativa II: Urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.

7. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores, cómplices e encubridores.

8. Delitos contra a seguridade vial. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos a motor. Lesións e danos imprudentes.

9. Lei de Seguridade Vial. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.

10. Normas xerais de circulación: Lugar na vía, Velocidade, Prioridade de paso, Cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguridade.

11. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia do seguro obrigatorio.

12. A policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de policía e as súas funcións. Responsabilidades do auxiliar de policía.

## 7. - CUALIFICACIÓN FINAL, RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

Establecida a puntuación final de cada aspirante, elaborárase un listado dos/as mesmos/as baseándose na súa puntuación e por orde decrecente, resultando aprobados/as os/as que, tendo en conta o número de prazas, obtivesen as notas máis altas. O tribunal formulará unha proposta á Alcaldía na que se incluírán os aspirantes aprobados para os que se propón a súa contratación. Non se poderán propoñer para a súa contratación máis aspirantes que as prazas ofertadas.

Este listado será exposta no Taboleiro Municipal. Os/As aspirantes propostos/as para ser contratados achegarán ante a administración dentro do prazo de dez días naturais dende que se publique no taboleiro municipal, os documentos acreditativos da capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria que non fosen acreditados con anterioridade.

Os/as aspirantes que superasen o proceso de selección deberán participar nun curso de formación que desenvolverá a Academia Galega de Seguridade Pública na segunda quincena do mes de maio de cada ano. No caso de non obter a certificación citada procederase a ter por non superado o proceso selectivo quedando definitivamente

excluído. Aqueles/as que xa tivesen participado e obtivesen certificado de asistencia ao dito curso, estarán exentos/as desta obriga por un período de catro anos, de acordo co previsto no artigo 48.2 do Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de coordinación de policía locais.

## 8. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E NOMEAMENTO.

A resolución ordenando a contratación será adoptada pola Alcaldía a favor dos/as aspirantes propostos/as polo tribunal unha vez que, de ser o caso teñan obtido a certificación da Academia referida na base anterior. De non achegarse a certificación de asistencia ao curso da Academia Galega de Seguridade os aspirantes quedarán excluídos e formularase proposta de contratación en favor do seguinte candidato por orde de puntuación o que sucederá tamén para o caso de que os aspirantes propostos non asinen o contrato.

No momento da súa contratación non poderá concorrer nos aspirantes circunstancia ningunha que impida esta por contravir a normativa en xeral e a laboral en particular, de ser así pasarase ao seguinte aspirante do listado confeccionado.

## 9.- LISTADO DE CONTRATACIÓNS.

Obterán as prazas ofertadas aqueles que obteñan unha mellor cualificación, segundo o que ditamine o tribunal cualificador. O resto dos aspirantes que tivese superado as probas pero que por puntuacións non fosen contratados integrará un listado ordenado segundo esas puntuacións, co que o Concello de Cangas poderá cubrir as novas contratacións de auxiliares que fosen precisas polo Concello de Cangas durante o exercicio de 2015. As contratacións que se efectúen en base ao listado confeccionado deberán facerse mediante a adopción, previa proposta da área fundamentando a necesidade de acudir a ela, dunha resolución de Alcaldía que contará cos informes preceptivos previos.

## 10.- CARACTER DAS BASES E INCIDENCIAS.

As presentes bases desta convocatoria vinculan á administración local convocante, ao Tribunal cualificador e ós aspirantes que participen no proceso.

O tribunal de selección queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias produza a súa aplicación, podendo adoptar os acordos necesarios na procura da boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

## 11.- DISPOSICIÓN FINAL



As presentes bases e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actualizacións do tribunal de selección, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/1992, de 26 de Novembro, no Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e polo disposto nas presentes bases.

Así mesmo a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme ó previsto na devandita Lei 30/1992, de 26 de novembro.

#### INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR AS PRAZAS DE AUXILIAR DE POLICÍA, ANO 2015.

Apelidos, Nome:

Teléfono:

NIF/NIE:

Enderezo:

Solicita ser incluído na relación de aspirantes admitidos no proceso selectivo de auxiliares da policía local para o ano 2015 convocado polo Concello de Cangas.

Por medio do presente declara que non se atopa incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente e que cumpre tódolos os requisitos esixidos na convocatoria e que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. Asumindo o compromiso de realizar o curso na Academia Galega de Seguridade para o caso de non presentar Fotocopia da certificación acreditativa de ter superado o curso da Academia Galega de Seguridade Pública en vigor.

Cangas, a        de        de 2015

Asdo. : .....

#### DOCUMENTACION A PRESENTAR XUNTO Á PRESENTE SOLICITUDE:

1. A presente instancia, debidamente cuberta e asinada.
2. Fotocopia compulsada do D.N.I.
3. Fotocopia da titulación esixida.
4. Certificado médico en cumprimento do apartado 3.C. das bases.
5. Fotocopia da certificación acreditativa de ter superado o curso da Academia Galega de Seguridade Pública en vigor no caso de posuílo.
6. Xustificante acreditativo do pago das taxas.

7. Documento acreditativo exención exame galego (no seu caso).

Data superación do curso teórico/práctico (artículo 95.6, Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais) na Academia Galega de Seguridade Pública, caso de posuílo con anterioridade: ..... /...../.....

Á ALCALDÍA DO ILTMO CONCELLO DE CANGAS.”

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA**

### **11º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS**

11.A) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO DECRETO DITADO O DÍA 10.10.2014 POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NA EXECUCIÓN DEFINITIVA Nº 16/2014 DIMANANTE DO P.O. Nº 142/2013

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 10.2.15, referente ao Decreto ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, na execución definitiva nº 16/2014 dimanante do P.O. nº 142/2013, que é como segue:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO DECRETO DITADO O DÍA 10.10.2014 POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NA EXECUCIÓN DEFINITIVA 16/2014 DIMANANTE DO P.O. Nº 142/2013 (X-13/10)*

*Visto o Decreto ditado en data 10.10.2014 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra na execución definitiva 16/2014, dimanante do Procedemento Ordinario 142/2013, instruído a instancia da mercantil HPC IBÉRICA, S.A.*

*Visto que o referido decreto aproba a liquidación de xuros por importe de TRINTA MIL TRINTA E CATRO EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (30.034,97 €) que este concello debe aboar á reclamante.*

*Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Tomar coñecemento do Decreto ditado o día 10.10.2014 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, na execución definitiva nº 16/2014 dimanante do Procedemento ordinario nº 142/2013, instruído a instancia da mercantil 'HPC IBÉRICA, S.A.'.*

*Segundo.- Recoñecer a obriga por importe de TRINTA MIL TRINTA E CATRO EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (30.034,97 €) en concepto de xuros a favor de 'HPC IBÉRICA, S.A.', con cargo á aplicación 171-352 do vixente orzamento de gastos.*

*Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

*PRIMEIRO.- Aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao Decreto ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, na execución definitiva nº 16/2014 dimanante do P.O. nº 142/2013.*

*SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería.*

11.B) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO DECRETO DITADO O DÍA 09.02.2015 POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 361/2008 TRAMITADO A INSTANCIA DA MERCANTIL "ORESA"

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 12.2.15, referente ao Decreto ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, no procedemento ordinario nº 361/2008 tramitado a instancia da mercantil "ORESA", que é como segue:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECEMENTO DE CUSTOS DERIVADOS DO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 361/2008, TRAMITADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA A INSTANCIA DE 'ORESA' (X-08/28)*

*Visto o Decreto ditado o día 14.01.2015 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra no Procedemento ordinario nº 361/2008-C, instruído a instancia da mercantil 'Obras, Reformas y Saneamientos, S.A.' (ORESA).*

*Visto que o citado decreto aproba definitivamente a taxación de custos por importe de TRES MIL CENTO SESENTA E TRES EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (3.163,80 €) a cuxo pagamento resultou condenado este concello.*

*Visto o requirimento do día 9.02.2015, recibido no rexistro municipal o día 11.02.2015 (entrada nº 1612) no que se concede a este concello un prazo de 10 días para proceder ao pago dos costas procesais.*

*Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte*

*ACORDO:*

*Primeiro.- Recoñecer a obriga por importe de TRES MIL CENTO SESENTA E TRES EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (3.163,80 €), en concepto de derivados do Procedemento ordinario nº 361/2008, tramitado no Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra a instancia da mercantil 'Obras, Reformas y Saneamientos, S.A.' (ORESA) coa intervención de letrada do avogado don Juan Manuel Colón Garrido; a dita cantidade recoñécese con cargo á aplicación 161-22604 do vixente orzamento de gastos.*

*Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería, coa advertencia a este último de que o prazo para efectuar o pagamento remata o vndeiro 25.02.2015."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao Decreto ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, no procedemento ordinario nº 361/2008 tramitado a instancia da mercantil "ORESA".

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería, coa advertencia a este último de que o prazo para efectuar o pagamento remata o vndeiro 25.02.2015.

11.C) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO DECRETO DITADO O DÍA 29/01/2015 POLO XULGADO DE 1ª INSTANCIA E INSTRUCCIÓN Nº 1 DE CANGAS NA PEZA DE TAXACIÓN DE COSTAS 9030/2010 DA PEZA DE EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 9030/2010

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 11.2.15, referente ao Decreto ditado polo Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 1 de Cangas na peza de taxación de costas nº 9030/2010 da peza de execución de títulos xudiciais nº 9030/2010, que é como segue:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO DECRETO DITADO O DÍA 29/01/2015 POLO XULGADO DE 1ª INSTANCIA E INSTRUCCIÓN Nº 1 DE CANGAS NA PEZA DE TAXACIÓN DE COSTAS Nº 9030/2010 DA PEZA DE EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS Nº 9030/2010 (X-10/21)*

*Visto o Decreto Nº 40/2015 ditado o día 29/01/2015 polo Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 1 de Cangas na Peza de Taxación de Costas 9030/2010 da peza de*

*execución de títulos xudiciais do mesmo número, derivada do Monitorio nº 646/2009, instruído a instancia de 'EXCLUSIVAS DEPORTIVAS GALEGAS, S.L.', polo que se aproba a taxación de costas por importe de SETECENTOS SETENTA EUROS CON CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (770,44 €), ao pago dos cales foi condenado o Concello de Cangas.*

*Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Tomar coñecemento do Decreto ditado en data 29/01/2015 polo Xulgado de Instancia e Instrucción nº 1 de Cangas na Peza de Taxación de Costas nº 9030/2010 da peza de execución de títulos xudiciais do mesmo número, derivada do Monitorio nº 646/2009, instruído a instancia de 'EXCLUSIVAS DEPORTIVAS GALEGAS, S.L.'.*

*Segundo.- Recoñecer a obriga por importe de SETECENTOS SETENTA EUROS CON CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (770,44 €), en concepto de costas con cargo á aplicación 151-22604 do vixente orzamento de gastos.*

*Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao Decreto ditado polo Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción nº 1 de Cangas na peza de taxación de costas nº 9030/2010 da peza de execución de títulos xudiciais nº 9030/2010.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería.

11.D) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA Nº 3/15 DO DÍA 02/01/2015 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA NO PROCEDIMENTO ORDINARIO Nº 33/2014

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 11.2.15, referente a Sentenza nº 3/15 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra no procedemento ordinario nº 33/2014, que di o seguinte:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á SENTENZA Nº 3/15 DO DÍA 02/01/2015 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA NO PROCEDIMENTO ORDINARIO Nº 33/2014 (X-14/07)*

Visto o fallo da Sentenza nº 3/15 do día 02/01/2015, recaída no procedemento ordinario nº 33/2014 tramitado no Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra a instancia da mercantil 'AERONAVAL DE CONSTRUCCIONES E INSTALACIONES, S.A.', que dispón:

"Estimo o Recurso Contencioso-Administrativo tramitado como Procedimiento Ordinario nº 33/2014, interposto pola representación procesal de 'AERONAVAL DE CONSTRUCCIONES E INSTALACIONES, S.A.', declarando a INACTIVIDADE DO CONCELLO DE CANGAS EN RELACIÓN CO ESCRITO DE RECLAMACIÓN presentado o día 7 de novembro do 2013 por 'AERONAVAL DE CONSTRUCCIONES E INSTALACIONES, S.A.', en relación coa OBRIGACIÓN DE PAGO DAS SEGUINTE FACTURAS: 1. M/2007-00070 do día 30/05/2007, por importe de OITO MIL TRESCENTOS NOVENTA E SETE EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (8.397,69 €) derivada do encargo das obras de reforma do cruce sito entre as rúas Marín e Noria de Cangas, 2.- M/2007-00071 do día 30/05/2007, por importe de NOVE MIL DOCE EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (9.012,79 €) derivada do encargo das obras do paso de peóns da Madalena, 3.-M/2007-00072, do día 30/05/2007, por importe de NOVE MIL DOCE EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (9.012,79 €) derivada do encargo da obra do paso de peóns de Pedra Alta, DECLARANDO A OBRIGACIÓN DO CONCELLO DE CANGAS DE ABOAR a 'AERONAVAL DE CONSTRUCCIONES E INSTALACIONES, S.A.', VINTE E SEIS MIL CATROCENTOS VINTE E TRES EUROS CON VINTE E SETE CÉNTIMOS (26.423,27 €) máis os intereses de morosidade devengados desde a data en que debeu producirse o pago das citadas facturas, que na actualidade ascende a TRECE MIL TRESCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON OITENTA E CATRO CÉNTIMOS (13.392,84 €) e os intereses legais que correspondan, ata o momento do efectivo pago destas, e DECLARANDO A NULIDADE DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CANGAS DO DÍA 14 DE MARZO DE 2012 no que respecta á declaración de prescrición as débedas reclamadas por 'AERONAVAL DE CONSTRUCCIONES E INSTALACIONES, S.A.', neste procedemento correspondentes á OBRIGACIÓN DE PAGO DAS SEGUINTE FACTURAS: 1. M/2007-00070 do día 30/05/2007, por importe de OITO MIL TRESCENTOS NOVENTA E SETE EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (8.397,69 €) euros derivada do encargo das obras de reforma do cruce sito entre as rúas Marín e Noria de Cangas, 2.- M/2007-00071 do día 30/05/2007, por importe de NOVE MIL DOCE EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (9.012,79 €) derivada do encargo das obras do paso de peóns da Madalena, 3.-M/2007-00072, do día 30/05/2007, por importe de NOVE MIL DOCE EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (9.012,79 €) derivada do encargo da obra do paso de peóns de Pedra Alta, e todo iso, con imposición das costas á parte demandada cun límite de SETECENTOS EUROS (700,00 €) (gastos de defensa e representación)."

Visto que por dilixencia de ordenación do día 30/01/2015, notificada o 04/02/2015, se acorda declarar a firmeza da referida sentenza.

*Visto que o importe das facturas por importe de VINTE E SEIS MIL CATROCENTOS VINTE E TRES EUROS CON VINTE E SETE CÉNTIMOS (26.423,27 €) xa consta recoñecido na contabilidade municipal.*

*Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte*

*ACORDO:*

*Primeiro.- Tomar coñecemento da Sentenza nº 3/15 do día 02/01/2015, recaída no procedemento ordinario nº 33/2014, tramitado no Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, a instancia da mercantil 'AERONAVAL DE CONSTRUCCIONES E INSTALACIONES, S.A.'*

*Segundo.- Proceder en cumprimento do fallo da sentenza anterior a recoñecer a favor de 'AERONAVAL DE CONSTRUCCIONES E INSTALACIONES, S.A.' (CIF A28526275), a cantidade de TRECE MIL TRESCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON OITENTA E CATRO CÉNTIMOS (13.392,84 €) en concepto de xuros con cargo á partida orzamentaria 130-352 do vixente orzamento de gastos.*

*Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a Sentenza nº 3/15 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra no procedemento ordinario nº 33/2014.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería.

#### 11.E) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA Nº 96/2014 RECAÍDA SOBRE RECURSO DE APELACIÓN Nº 4360/2014 DO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 237/2013

Dase conta de sentenza nº 96/2014 ditada o día 8.5.14 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, recaída sobre recurso de apelación nº 4360/2014 do procedemento ordinario nº 237/2013, promovida por JUAN PENA BOUZA.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza nº 96/2014 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, recaída sobre recurso de apelación nº 4360/2014 do procedemento ordinario nº 237/2013, promovida por JUAN PENA BOUZA.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Urbanismo.

## **URXENCIAS**

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

#### **A) DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA S/TRAMITACIÓN DE NOVO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN DO COMEDOR ESCOLAR EN CENTROS DOCENTES PÚBLICOS NON UNIVERSITARIOS PARA OS CURSOS 2015/2016 E 2016-2017**

Dáse conta de escrito do día 5.2.15 (R.E. nº 1519 do 9.2.15) da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, referente á tramitación de novo convenio de colaboración para a xestión de comedores escolares en centros educativos do concello, para os cursos 2015/2016 e 2016/2017, que di o seguinte:

*"Nos últimos anos a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén asinando convenios de colaboración con diferentes concellos para a xestión do comedor escolar en centros docentes públicos non universitarios, co obxectivo último de que as familias dispoñan dun servizo axeitado de comedor escolar que sexa suficiente para a demanda existente de usuarios/as.*

*No próximo mes de xuño remata a vixencia do actual convenio asinado co Concello de Cangas para 121 usuarios previstos en 4 centros educativos públicos no curso 2014-2015, polo que se fai necesario iniciar a tramitación dun novo convenio que teña vixencia para os próximos cursos 2015-2016 e 2016-2017.*

*Á vista do anterior, resulta necesario que nos indiquen, coa maior brevidade posible, o seu interese na sinatura dun novo convenio, e nos confirmen os centros educativos incluídos e os correspondentes usuarios previstos.*

*No caso de que houbera calquera variación ao respecto, deberán xustificalo, aos efectos de realizar os cálculos precisos sobre a achega económica da consellería, que será calculada de igual xeito e baixo os mesmos parámetros que se tiveron en conta para o convenio actualmente vixente."*



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do escrito da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, referente á tramitación de novo convenio de colaboración para a xestión de comedores escolares en centros educativos do concello, para os cursos 2015/2016 e 2016/2017.

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. alcalde-presidente para a sinatura dun novo convenio, confirmando os mesmos centros educativos incluídos no convenio que está en vixencia.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais de Intervención e Concellería de Educación, así como á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

\*\*\*pte. confirmar importes\*\*\*

**B) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA PARA A MELLORA DOS MERCADOS MUNICIPAIS E PRAZAS DE ABASTOS, ASÍ COMO DOS ESPAZOS DO COMERCIO NON SEDENTARIO, COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) PARA O ANO 2015 (IN223A)**

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 13.2.15, referente a solicitude de subvención á Consellería de Economía e Industria, para a mellora dos mercados municipais e prazas de abastos, así como dos espazos do comercio non sedentario, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) para o ano 2015, que é como segue:

*"SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA PARA A MELLORA DOS MERCADOS MUNICIPAIS E PRAZAS DE ABASTOS, ASÍ COMO DOS ESPAZOS DO COMERCIO NON SEDENTARIO, COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) PARA O ANO 2015. (IN223A)*

*Vista a Orde da Consellería de Economía e Industria do día 31 de decembro de 2014, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos concellos galegos para a mellora dos mercados municipais e prazas de abastos, así como dos espazos do comercio non sedentario, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015.*

*Vistas as necesidades, redáctase polo arquitecto municipal, Alfonso Lage Pérez, proxecto denominado 'ADECUACIÓN E MELLORA DE EQUIPAMENTOS PÚBLICOS NO CONTORNO DA PRAZA DE ABASTOS', polo importe total de CENTO TRECE MIL OITOCENTOS TRINTA E TRES EUROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (113.833,98 €).*

*Visto que o Concello de Cangas reúne os requisitos que se especifican na orde citada e nos do artigo 10º da Lei 9/2017, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, propoño á Xunta de Goberno Local:*

*Primeiro.- Aprobar o proxecto denominado 'ADECUACIÓN E MELLORA DE EQUIPAMENTOS PÚBLICOS NO CONTORNO DA PRAZA DE ABASTOS', redactado polo arquitecto municipal, Alfonso Lage Pérez, polo importe total de CENTO TRECE MIL OITOCENTOS TRINTA E TRES EUROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (113.833,98 €) incluído IVE.*

*Segundo.- Solicitar ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2014, unha subvención para a execución do proxecto de 'ADECUACIÓN E MELLORA DE EQUIPAMENTOS PÚBLICOS NO CONTORNO DA PRAZA DE ABASTOS', segundo o seguinte desglose:*

<b>Denominación obra</b>	<b>Orzamento total con IVE</b>	<b>Subvención solicitada 70%</b>	<b>Aportación municipal 30%</b>
ADECUACION E MELLORA DE EQUIPAMENTOS PÚBLICOS NO CONTORNO DA PRAZA DE ABASTOS	113.833,98 €	79.683,78 €	34.150,20 €

*Terceiro.- Facultar ao Sr. alcalde-presidente, por acordo de Pleno do día 11 de xuño de 2011, D. José Enrique Sotelo Villar, para que asine a solicitude de subvencións e cantos documentos sexan precios para cumprimento da orde de solicitude.*

*Cuarto.- Remitir o presente acordo á Delegación Provincial da Consellería de Economía e Industria, achegando a documentación que sinala a orde citada."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a solicitude de subvención á Consellería de Economía e Industria, para a mellora dos mercados municipais e prazas de abastos, así como dos espazos do comercio non sedentario, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) para o ano 2015.

**C) DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE CANGAS E A ENTIDADE "EKOSOL GALICIA, S.L.", PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS EN EMPRESAS INCLUÍDAS NOS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE DAS ACCIÓNS FORMATIVAS**

## **DIRIXIDAS PRIORITARIAMENTE A TRABALLADORES E TRABALLADORAS DESEMPREGADOS/AS (AFD)**

Dáse conta de convenio asinado o día 13.2.15 entre o Concello de Cangas e a entidade "EKOSOL GALICIA, S.L.", para a realización de prácticas profesionais non laborais en empresas incluídas nos certificados de profesionalidade das accións formativas dirixidas prioritariamente a traballadores/as desempregados/as, de conformidade cos seguintes extremos:

**PRIMEIRO.-** O obxecto do presente convenio é facilitar aos alumnos/as da especialidade 'ENAE0308 Organización e proxectos de instalacións solares térmicas' da programación de accións formativas dirixidas prioritariamente aos traballadores/as desempregados/as (AFD) da Comunidade Autónoma de Galicia, a realización do módulo de prácticas profesionais non laborais en centros de traballo dependentes do Concello de Cangas, de acordo co correspondente certificado e profesionalidade, e conseguir deste xeito, unha mellor formación polo contacto co ambiente real de traballo.

**SEGUNDO.-** Que o presente convenio se formaliza ao abeiro do establecido na Orde do 23 de decembro de 2013, pola que se establece a convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2014, publicada no DOG núm. 6 do día 10.01.2014."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento do convenio asinado entre o Concello de Cangas e a entidade "EKOSOL GALICIA, S.L.", para a realización de prácticas profesionais non laborais en empresas incluídas nos certificados de profesionalidade das accións formativas dirixidas prioritariamente a traballadores/as desempregados/as.

**SEGUNDO.-** Dar traslado de copia do convenio de referencia ós departamentos de Contratación, Persoal e Intervención.

### **ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace

o presidente